



VIDEOCONFERENCIAS

- Acudiremos á convocatoria da videoconferencia correctamente vestidos.
- Seremos puntuais respectando o inicio da convocatoria, preparamos todo con tempo suficiente.
- Seremos respectuosos saudando ao inicio da clase e despedíndose ao final da mesma.
- Respectamos a quenda de palabra.
- Utilizamos as mesmas normas de comportamento na rede que na aula ordinaria.
- Teremos o micrófono apagado ata que nolo indique o mestre.
- Sempre e cando o noso equipo o permita teremos a cámara aberta.
- Estaremos ben sentados e en un lugar axeitado para traballar (boa iluminación, evitamos distraccións..)
- Temos preparado todo o que precisamos: estoxo, libretas..
- Podemos revisar o fondo que se ve para que non sexa un motivo de distracción para os teus compañeiros, que sexa un lugar tranquilo e non un lugar de paso “na casa”
- De non asistir a convocatoria sen causa xustificada contabilízase como unha falta de asistencia.
- Escoitamos con atención e pido a palabra coa icona correspondente ou no seu caso levanto a man.
- Evitamos levantarnos, xa nos indicará o mestre/a.cando podemos facelo.
- Evita que aparezan persoas do teu entorno en cámara. A participación na aula virtual é persoal, do alumno. Non se permite o acceso doutra persoa no teu lugar ou compartir os dereitos de acceso con outra persoa.
- No caso de Infantil, as familias axudaranlles a entrar e saír da videoconferencia, pero unha vez dentro fomentaremos a súa autonomía e quedarán sos diante da pantalla.
- Ao terminar a videoconferencia debemos saír cando o indica o docente que será sempre o último.
- Non podemos gravar imaxes nin vídeos. Temos que respectar a privacidade dos compañeiros e dos docentes e usar con criterio educativo os contidos compartidos.
- De non cumprir algunha destas normas o docente dará un apercibimento (aviso) e de non modificar a conduta terá que abandonar a videoconferencia nesa sesión.

